

Queridos nenos e nenas de 4º de Educación Primaria,

Escríbovos porque teño unha misión moi especial para vós. Necesito que este curso vos convidades en científicos e científicas e que estedes dispostos e dispostas a convertervos en verdadeiros detectives da historia! Que me dicides?

Imos a descubrir cousas sorprendentes: como vivían as persoas fai miles de anos, que inventos crearon, que misterios resolveron e como deixaron a súa pegada no mundo que hoxe coñecemos. A historia é coma un grande libro cheo de aventuras, e vós estades a piques de abrir ese libro e explorar cada páxina!

Sabedes que cada monumento, cada obxecto antigo, cada documento conta unha historia? Cada detalle é unha pista que nos axuda a entender como era a vida de quen viviu antes ca nós. Ao investigar a historia, aprenderedes sobre culturas, inventos, conquistas e descubrimentos, e tamén sobre heroes e heroínas que cambiaron o mundo.

Así que, grandes científicos e científicas, estades preparados e preparadas para descubrir o tema que vos propoño? Se é así, dicídelle ao voso profesorado que queredes coñecer A FÓRMULA DO SABER.

Un abrazo cheo de misterios,

LEO